

## O CARTAFOL DO VENTO

O vento perdeu as follas  
d'o seu cartafol

- Esas que os chubascos  
mecnógrafos

**tecolean n-o manual d'os mastros?**

**As gavotas non teñen quitasol**

pero fan raudos equilibrios  
pol-o aramio transparente  
de total-as ortodrómicas d'o ceo

O pailebote sin velas

- serán esas que o vento  
levou n-o seu cartafol?

**tamén fai equilibrios n-o ronsel**

C'a boca aberta

- cai-lle a baba -

**está mirando-nos o babiión d'o Sol.**

- **O vento perdeu as follas/ d'o seu cartafol:** O vento ten un cartafol onde garda todas as velas que lles vai quitando aos barcos. Mais o vento perdeu esas follas/velas. \*CARTAFOL é un caderno para facer notas ou apuntamentos.
- **tecolean n-o manual d'os mastros?:** As pingas de chuvia, ao golpear contra o barco, fan un ruído semellante ao das teclas dunha máquina de escribir. Así, os chubascos son mecnógrafos. \*MASTRO é un poste vertical que sustenta as velas do barco.
- **As gavotas non teñen quitasol:** As gaivotas lémbanlle a equilibristas (sen quitasol) na liña do horizonte. \*ORTODRÓMICA é a liña recta que sinala a distancia máis curta entre dous puntos da terra.
- **tamén fai equilibrios n-o ronsel:** Agora o barco é quen fai equilibrios, neste caso no ronsel e sen velas. \*RONSEL é a espuma deixada polo barco ao avanzar.
- **está mirando-nos o babiión d'o Sol:** O sol é un parvo que mira abraiado (ás gaivotas, ao barco), dende o alto. O sol está parado, non hai ningún tipo de movemento.